

RECENSIÓN DAS “I JORNADAS SOBRE MATERIALES PARA EL AULA DE MATEMÁTICAS DE SECUNDARIA” (SADEM, XIXÓN, MAIO DE 2023)

GARCÍA-RODEJA GAYOSO, JUAN

IES Plurilingüe A Cachada (Boiro)

Nesta comunicación exporei un resumo das contribucións presentadas nas devanditas Xornadas organizadas pola FESPM (Federación Española de Sociedades de Profesores de Matemáticas e a SADEM (Sociedade Asturiana de Educación Matemática), como pode verse na primeira referencia, facendo fincapé nalgunhas delas, ao meu modo de ver máis novas ou interesantes.

A FESPM organizou estas xornadas co obxectivo de afondar no coñecemento do uso axeitado dos materiais por parte da comunidade docente matemática, compartindo un bo número de experiencias e reflexións sobre o uso dos materiais en educación secundaria.

Entre elas están “Materiales para la medida de superficies” na que se abordou o coidado do desenvolvemento da intuición na presentación desta temática; “EXPLODING DOTS: aritmética visual”, na que se presentou un método para abordar lúdica e agochadamente os mecanismos da aritmética e máis alá; “Proporcionalidad geométrica” na que o desenvolvemento da intuición se acadaba mediante xogos e problemas axeitados; “Midiendo el mundo”, na que se presentou a ferramenta MathCityMap e maneiras de traballar con ela.

Nalgúns dos relatorios insistiuse na importancia do manexo da frustración e, en xeral, da xestión das emocións (e no papel do vocabulario para a súa expresión) en relación co fracaso e o rexeitamento das matemáticas na educación secundaria.

A lista dos relatores e títulos das conferencias e os talleres está dispoñible no enlace da segunda referencia (o programa completo, que non está publicado na rede, será referido na comunicación).

Referencias

<https://fespm.es/index.php/2023/02/25/i-jornadas-sobre-materiales-para-el-aula-de-matematicas-de-secundaria/>

https://fespm.es/wp-content/uploads/2023/02/Convocatoria-I-Jornadas-sobre-materiales-Secundaria_final.pdf